



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 18 de setembro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 18 de setembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 11/09/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/4111

Dáse conta do escrito presentado por **Dona María Fátima Lema Alexandre**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na fronte do baixo situado en Rúa Castor Sánchez nº 3, en horario de 18:00 a 23:00 horas, por inauguración de establecemento.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4112

Dáse conta dos escritos presentados por Dona M^a Berta Castro Álvarez, en representación do **Colexio San Francisco** comunicando a realización dunha venda ocasional de libros e uniformes escolares entre os días 1 e 30 de setembro de 2017, dentro do recinto escolar (uniformes do 1 ao 20 de setembro e libros de texto do 1 ao 30 de setembro).



Dáse conta de que os escritos presentados xustifican tódolos extremos indicados no artigo 87 da Lei 13/2010, de Comercio Interior de Galicia, polo que a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/4113

Dáse conta do escrito presentado por **AREVA (Alcohólicos Rehabilitados de Arousa)**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza de Galicia o día 16 de setembro, en horario de 10:00 a 14:00 horas, para a realización dunha actividade informativa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4114

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo García Mauricio, en representación de **Animación Sociocultural NYDIA**, solicitando autorización para realizar unha exhibición de baile na Praza da II República, o día 10 de setembro, a partir das 18:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4115

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana Isabel Granja Briones, en representación de **Asociación Familiares de Enfermos de Alzheimer (AFASAL)**, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa na Praza de Galicia, o día 21 de setembro, en horario de 9 a 13 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4116

Dáse conta do escrito presentado por D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza de Galicia os días 16 de setembro e 7 de outubro, en horario de 10:00 a 14:00 horas, co fin de difundir o Programa AAN.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4118

Dáse conta do escrito presentado por D. Breogan Pérez Vázquez, en representación de **Arousa Baila Club de Baile**, solicitando autorización para realizar un acto de presentación con exhibición de baile deportivo na Praza de Galicia, o día 16 de setembro, en horario de 17 a 19 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



PRP2017/4119

Vista a proposta do Xefe de Alumado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sulzer Pumps Wastewater Spain, S.A.** para subministro de bombas para reposición, incluído motaxe, conexión e accesorios, para diversos bombeos (Queixos: 2 ud; Rubiáns de Arriba 2: 1 ud; Zamar: 1 ud; Santa Mariña 2: 2 ud; Fontecarmoa: 1 ud; Trabanca: 1 ud; Cea-Fonte: 1 ud.; San Andres: 2 ud.), por un importe total de 21.528,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4121

Dáse conta de Resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de data 28 de agosto de 2017, pola que se resolve a adxudicación de equipamentos de emerxencias a Concellos de menos de 50.000 habitantes, correspondendo a este Concello un Baúl.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar o equipamento concedido e que se proceda a dar de alta no inventario municipal.

PRP2017/4123

Dáse conta do escrito presentado por D. Eduardo Reiriz Treviño e D. Manuel Fernández Durán, en representación da **Asociación Club Lambretta de España**, solicitando autorización para facer un percorrido por diversas rúas do municipio os días 22 e 23 de setembro de 2017.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización solicitada, indicándolles que se prestará a colaboración que o servizo permita, coa colocación de semáforos en intermitencia e se é posible darlles preferencia nos puntos indicados no informe da Policía Local.

O día 22 de setembro autorízase o estacionamento na parte traseira (lateral) do Auditorio Municipal, na Rúa Elpidio Villaverde, debendo saír por Avda. de Cambados.

Así mesmo, deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000 €, sen prexuízo do seguro obrigatorio para vehículos a motor de cada unha das motocicletas participantes na proba.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberán respectar as normas de circulación e adaptar a mesma á situación das vías.

PRP2017/4170

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Esther Ribeiro Estévez**, titular do establecemento denominado "Café-bar La Terraza" solicitando autorización para a realización dun concerto ao aire na terraza do citado establecemento, situado en Av. Rosalía de Castro 95-baixo, o día 24 de setembro, en horario de 17:00 a 19:00 s denominados anteriormente, na Rúa A Baldosa", o día 23 de xuño, en horario de 22:00 a 01:30 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberán respectar o horario indicado.
- Deberán ocupar unicamente a zona de terraza do citado local, sen ocupar o espazo do baixo lindeiro.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2017/4140

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2016, presentada por **Laguardia & Moreira S.A.**

Visto o informe emitido pola ADL (Mar Caramés) e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude presentada, dado que a entidade solicitante carece de licenza municipal de apertura/actividade ou comunicación de apertura de establecemento para a súa instalación no Concello de Vilagarcía.

Dar conta ao Departamento de Apertura/Actividades.

PRP2017/4141

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2016, presentada por **Laguardia & Moreira S.A.**

Visto o informe emitido pola ADL (Mar Caramés) e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude presentada, dado que a entidade solicitante carece de licenza municipal de apertura/actividade ou comunicación de apertura de establecemento para a súa instalación no Concello de Vilagarcía.

Dar conta ao Departamento de Apertura/Actividades.

PRP2017/4180

Dáse conta de Resolución da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se outorga a este Concello unha subvención polo importe de 124.456,50 € para a contratación por período de 7 meses, a xornada parcial (75%), de 20 traballadores/as desempregados/as (Peóns), en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA e inscritas no SPEG como persoas demandantes non ocupadas, para a realización da obra ou servizo denominado CONSERVACIÓN, REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE INFRAESTRUTURAS E ZONAS VERDES 2017. Exp. TR351F 2017/27-5, correspondendo ao Concello unha aportación municipal de 45.213,00 € derivada da contratación pola xornada completa. Deberá así mesmo preverse o incremento salarial do 1% fixado na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que será solicitada a Xunta de Galicia a súa financiación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda designar como membro do grupo mixto de selección, en representación do Concello a Dona Iria Camba Rey e como suplente a Dona Carmen María Abalo Fernández.



ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/4155

Dáse conta de escrito da Secretaría Xeral de Igualdade, da Xunta de Galicia, comunicando unha minoración de 2.767,42 € (sobre as horas de traballo) da subvención concedida ao CIM 2016, por un importe inicial de 45.000 € (Expte. SI427B 2016/75-0), quedando unha subvención final de 42.232,58 €, xa que, non se xustifica a totalidade das horas previstas de traballo efectivamente realizado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/4156

Vista a solicitude de **Categórica Producciones S.L.**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 17 de decembro de 2017, durante todo o día, para a representación do espectáculo infantil “Jurásico La Isla Perdida”, cun prezo de entrada VIP de 20€, Zona A y B 18€ y Zona C 15€, e a recadación para a entidade solicitante.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de Sala: 9hrs, 91,80€
- Conserxe 9 hrs 91,80€
- Persoal de Taquilla 4 hrsx2 persoas, 81,60€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2017/4157

Vista a solicitude de Dona Marisa Arroyo Euba, e/n **Asociación Española Contra El Cáncer**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 30 de setembro de 2017, durante todo o día, para a celebración da Gala Benéfica da Asociación Contra o Cáncer, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a colaboración coa colocación de linóleo, deseño e impresión de 50 carteis e entradas.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/4158

Dáse conta de informe do Director da Banda de Música dando conta das seguintes actuacións pendentes de realizar: .

- Actuación 27, o día 30 de setembro de 2017, con cargo á Subvención Cultural para o ano 2017 solicitada pola Asociación Cultural San Miguel-A Torre.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se leve a cabo a citada actuacións por parte da Banda de Música de Vilagarcía.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/4196

Dáse conta pola Intervención Municipal do cumprimento da obriga de remisión das liñas fundamentais do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados (Entidade+Organismo Autónomo), correspondente ao exercicio de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.